O volume abre cun mapa no que se reflicte a localidade á que corresponde cada un dos puntos para facilitarlle ao usuario a localización xeográfica das respostas. Deseguido figuran os mapas que constitúen a contribución nova do terceiro volume de léxico do *ALGa*.

Neste volume tivéronse en conta todas aquelas cuestións que, directa ou indirectamente, teñen que ver coa terra como espazo natural e coas plantas e árbores.

a) **Terra**: o espazo físico non alterado polo ser humano. Intégranos os 116 primeiros mapas (do 1 ao 96). Este apartado abre con cuestións relativas ao monte, a continuación figura unha sección dedicada ao val, outra dedicada á auga e ás consecuencias da erosión desta, e finalmente hai un espazo dedicado ao tipo de pedras e minerais.

b) **Plantas e árbores**. É a parte máis grosa do volume e a máis complexa en canto á información que conteñen os seus 204 mapas (do 97 ao 272). Engloba os das denominacións para referirse ás plantas silvestres e aos arbustos, ás árbores silvestres e ás froiteiras, así coma os mapas referidos aos froitos destas árbores. Dedicase unha particular atención ao léxico relacionado coa castaña (22 mapas, do 256 ao 272), pola grande importancia que tradicionalmente este froito tivo na economía galega.

Despois dos mapas figura un anexo con información sobre plantas que non aparece naqueles. Unhas plantas identificáronse cientificamente, noutras a identificación é dubidosa e nunhas terceiras non foi posible esa identificación. Ademais, neste anexo inclúense algunhas formas relativas a arbustos e a árbores. Trátase dun material que os informantes daban a maiores, moi rico no caso das plantas, mentres se cubrían as preguntas do cuestionario.

## 3. A lenda

Todos os mapas presentan, na páxina correspondente da dereita, a lenda con cada un dos símbolos cartografados e, na parte inferior, un apartado de notas con variada información lingüística.

O encabezamento das formas da lenda réxese, en xeral, polos seguintes criterios:

a) Xeovariante máis patrimonial: cando a forma maioritaria é un castellanismo, encabeza a lenda a forma patrimonial máis frecuente (mapa 46 *Fervenza, cadoiro*). Como norma xeral os castellanismos non encabezan a lenda.

b) Xeovariante máis representada: cando a forma maioritaria coincide coa elixida polo estándar encabeza a lenda (p. ex., mapa 12 *Ladeira* ou mapa 52 *Fonte*).

c) Xeovariante máis socializada: a máis coñecida a través do estándar, independentemente da súa frecuencia dialectal (p. ex., mapa 139 *Papoula*).

A ordenación das formas da lenda réxese polos seguintes criterios:

- Léxico-semántico: as variantes agrúpanse na lenda pola familia léxica á que pertencen (p. ex., mapa 212 *Zume*).
- Morfolóxico: cando hai variantes morfolóxicas adoita poñerse primeiro a forma simple e despois as derivadas (p. ex., *rosa* e *roseira* no mapa 100 *Flor*).
- Sociolingüístico: os castellanismos localízanse xeralmente ao remate da súa serie léxica e non ao remate da lenda.

A lenda dispónse nun máximo de catro columnas procurando que cada unha inicie un novo tipo léxico. En moitas ocasións cada columna está constituída por formas pertencentes a diversas familias léxicas, sobre todo a cuarta.

Úsanse os corchetes para introducir un elemento implícito mais non presente na resposta rexistrada, p. ex. [*terreo*] *lamacoso* (no mapa 60a *Terreo lamacento, braña*). Nestes casos escolleuse a forma estándar, á marxe do que se diga nese punto. Tamén se empregan os corchetes para indicar a representación fonética, xa que en ocasións considerouse pertinente que aparecese na lenda.

As formas da lenda redactáronse por norma ortograficamente. Nos poucos casos en que se transcriben foneticamente determinadas secuencias faise de acordo co Alfabeto Fonético Internacional (AFI) e cos criterios seguidos no volume III *Fonética*:

- As vogais medias tónicas (p. ex., *br[ˈe]va* e *br[ˈɛ]va* no mapa 244 *Breva* ou *c[ˈo]ncha* e *c[ˈɔ]ncha* no mapa 249 *Casca da noz*).

- Igualmente transcribíense as estruturas silábicas de casos coma o de *ciri*['xwɛ]la no mapa 226b *Ameixa (cirola)* ou ['gwɛ]so no mapa 219b *Carabuña*.
- Con respecto aos sons consonánticos, transcribíense sons castelanzantes (p. ex., [j]ema no mapa 226f *Ameixa (nisa e outras)* e *naran*[x]a no mapa 214 *Laranxa*) e realizacións propias do galego coma o segmento lateral palatal sonoro ou o fricativo faringal xordo en castelanismos<sup>6</sup> (p. ex., [ʎ]ema no mapa 226e *Ameixa (xaponesa)*, e [x]irasol, no mapa 138 *Mirasol*).

A información sobre a pronuncia dos tipos léxicos complétase nas notas de realización fonética do xeito que se indica no apartado 5.

No caso de que unha resposta sexa unha forma verbal, optouse por reconstruír na lenda o infinitivo correspondente, sempre e cando non supuxese unha secuencia agramatical (p. ex., *asulagar* por “asulaga” no mapa 44 *Anegar*).

#### 4. Os símbolos

Vista a cantidade de información que se manexa en moitos dos mapas que constitúen este volume, impúxose a necesidade de combinar no uso de símbolos un amplo abano de figuras xeométricas, baleiras e cheas, con varias cores (ademais da negro, empregáronse a verde, a azul e a maxenta).

Tentouse na medida do posible atribuírle á solución estándar un círculo, mais nalgunhas ocasións e por diferentes razóns este principio non se mantén, polo que tamén encabezan a lenda outras figuras como cadrados, triángulos etc. As cores cumpren a función de salientar áreas léxicas dialectais (p. ex., mapa 121 *Ourego* ou mapa 131 *Ortiga, estruga*) e formas patrimoniais minoritarias pero interesantes e recuperables para a lexicografía (p. ex., mapa 130 *Mofa*).

Como principio xeral, a unha mesma serie léxica asígnaselle unha mesma serie de figuras xeométricas que comparten unha cor (p. ex., mapa 131 *Ortiga, estruga*); porén, con relativa frecuencia, e sempre na procura dunha mellor visualización da abundante información documentada nas preguntas dos cuestionarios, alterouse este principio.

Empréganse estrelas, soas ou no interior de círculos, para marcar as formas castelás. Estas sitúanse polo xeral ao final da serie léxica galega á que se poden adscribir e manteñen, normalmente, a mesma cor. Por outra parte, hai formas dialectais coincidentes co castelán que non son castelanismos, polo que non levan esta estrela; p. ex. *agua* en puntos do galego occidental, representado cun círculo (mapa 31 *Auga*).

Tentouse pór na lenda todas as formas recollidas, mais nalgúns casos houbo que recorrer, na columna da marxe dereita, ao símbolo ¶ seguido de *outras respostas* dado o abundante número de formas<sup>7</sup>. Esa información preséntase na nota 2, tal como se indica no apartado 5.

Nos mapas aparece un símbolo † que non figura nas lendas, indicativo de que existe unha nota particular no apartado correspondente.

A ausencia de signo nun punto significa que non houbo resposta satisfactoria a esa pregunta. Naturalmente, isto non rexe para os mapas complementarios, marcados co indicativo {a, b, c...} a carón do número correspondente; así, para abranguer toda a información obtida para *Cume* cómpre combinar os datos presentados nos mapas 11a e 11b.

Dentro do posible, procurouse que o uso dos símbolos e das cores tivese coherencia interna. Tratouse de reservar a cor negra para as formas máis comúns ou estendidas e a cor maxenta, xunto cos símbolos máis rechamantes, para as formas máis raras.

6. Cómpre ter en conta que no caso de se recolleren distintas realizacións para o mesmo fonema optouse por incluír na lenda a representación do son castelanzante, p. ex., [x]eranio no mapa 105 *Agulleira, xeranio* e *ha*[j]a no mapa 206 *Faia*.

7. Mapas 14, 34, 35a, 88, 110, 116, 123, 145 e 236.

A inmensa cantidade de información e os problemas internos que presentaban moitos dos mapas obrigaron en bastantes ocasións a modificar nun ou noutro aspecto os principios xerais de elaboración destes, de tal xeito que se decidiu priorizar como obxectivo na confección de cada mapa a súa lexibilidade: a disposición das figuras e das cores tiña que permitir unha lectura clara e a ordenación da lenda axudar á súa interpretación.

#### 5. As notas

Todos os mapas van acompañados dun corpo de notas de distinto tipo e importancia, que ocupa a parte inferior da páxina da dereita. Na súa redacción fíxose un grande esforzo de precisión e de organización, co obxectivo de ofrecer unha información rica pero concisa, e presentada de forma ordenada, de xeito que sempre se saiba a que altura se pode atopar un certo tipo de información complementaria.

Estableceuse por iso unha tipoloxía de anotacións que se ordenan sempre na mesma secuencia. En moitos mapas non é preciso esgotar todo este abano de posibilidades, de aí que o número asociado ás diversas informacións nesta exposición poida variar en cada un dos mapas en función da cantidade de notas necesarias.

1. *Procedencia dos datos*. É sempre a primeira nota e non falta en ningún mapa. Nela consígnanse o número e o enunciado da pregunta ou preguntas do cuestionario de onde se tira a información; p. ex., mapa 66 *Campo*:

1. *Cuest. 98* “campo”.

Nalgúns casos compléméntase cun comentario adicional sobre o sentido da pregunta formulada ou da información xebrada para cartografar independentemente; p. ex., mapa 35a *Carriozo, cavorco*:

1. *Cuest. 708,11* “carriozo, cavorco”. Nesta cuestión preguntábase pola depresión fonda que no terreo produce un torrente ou calquera curso de auga ocasional froito dunha forte chuvia, o que na montañosa zona oriental deu respostas como *carriozo* ou *cavorco*, entre outras. Hai puntos onde se anotaron respostas tanto para o resultado da acción da auga coma para a chuvia en si, mentres que nalgúns a resposta só fai referencia á auga. Isto explica que no mapa 35b se recollan estas formas para referirse á chuvia en si, polo que na lenda se rexistran palabras como *xurrada*, *riada*, *chea* ou *dioivo*, espalladas por todo o dominio lingüístico, e outras como *doira* (e variantes), en falas fisterrás, para se referir só ao regato ocasional producido por unha forte chuvia.

2. *Otras respostas*. Ocupa o segundo lugar, pero só aparece nos mapas que o requiren, que son escasos. Nese apartado dáse a información que oculta o signo común ¶ atribuído na lenda a un conxunto heteroxéneo de formas, segundo se explicou no apartado correspondente. Na nota dáse para cada punto a variante ou variantes representadas en transcripción ortográfica e fonética; p. ex., mapa 14 *Campela*:

2. O símbolo *outras respostas* representa: en A.1 *prado* ['praðo], en A.4 *charco* ['tʃarko] e *llagúa* [la'ɣua], en C.10 *monte deleitoso* ['mõnte ðelej'toʃo], en C.30 *unha chan* [uɲa 'tʃaɲ]; en C.37 *arró* [a'ro], en C.43 *xurreira* [ʃu'rejra], en L.20 *veiga* ['bejha], en Le.5 *pradera* [pra'ðera], en O.9, O.18 e O.24 *poula* ['powla], en O.11 *corga* ['kõrɣa], en O.20 *curro* ['kuro], en O.22 *regata* [re'hata], en O.27 *mamarello* [mama'relo], en O.29 *lugar de pineirota* [lu'har ðe pinej'rota], en O.31 *ulleiro* [u'lejro], en P.18 e P.21 *lagoa* [la'hoa], en P.28 *chan* ['tʃaɲ] e *laguna* [la'huna], en P.29 *comareiro* [koma'rejro], en P.30 *baldíio* [bal'dio], en P.32 *panasqueira* [panaʃ'kejra] e en Z.2 *monte que tira a prado* ['mõnte ke'tira:'praðo].

3. *Realización fonética*. Inclúe todas as realizacións rexistradas para cada unha das formas representadas na lenda. Por economía, non repro-

ducimos algunhas variantes morfolóxicas (p. ex., os verbos son representados polo infinitivo) nin algunhas variantes fónicas contextuais ou realizacións do fonema final por fonotaxe nun contexto máis amplo. No mapa o signo † indica a existencia desta nota.

Para cada forma da lenda danse entre [ ] as distintas variantes, separadas por comas; p. ex., mapa 31 *Auga*:

2. As transcricións fonéticas que corresponden ás formas da lenda son as seguintes: *auga* ['awuqa, 'awha, 'awhæ, 'awxa, 'awxæ, 'awg<sup>h</sup>a, 'auuqa], *agua* ['auqwa, 'ahwa, 'axwa, 'ahua], *ágoa* ['auqoa, 'ahoa, 'ahoa, 'axoa], *augua* ['awuqwa, 'awhwa, 'awxwæ, 'awg<sup>h</sup>wa].

4. *Información fónica*. Completa a información da nota anterior, pois permite a localización espacial das distintas variantes fónicas apuntadas nela. No mapa o signo † avisa da existencia desta nota.

A presenza desta epígrafe permite retirar do mapa variantes fónicas pouco relevantes no tratamento cartográfico dos materiais léxicos sen que se perda información lingüística fundamental desde outros puntos de vista. Para coñecer que secuencia fónica representa en realidade unha forma dada na lenda, e o seu signo no mapa, cómpre unha revisión dos datos proporcionados nestes dous últimos apartados.

Cando é posible, remítese ao mapa correspondente do tomo de fonética, consignando neste apartado só as diverxencias existentes entre esta información puntual e a alí cartografada, ou dando conta de novos datos que agregar a aqueles; p. ex., mapa 37 *Regato, regueiro*:

3. Para as distintas formas fonéticas representadas pola grafía <g> véxase *ALGa* III: 168; en C.10 *re[h]acho* e en O.22, P.2 e P.8 *re[u]ato*. En A.4 *arr[ 'ɔ][j]o*; en C.4 *riach[ 'we]lo*; en C.29 *rf[o] pequeno* e en L.11, L.12, L.22 e O.26 *r[ε]gato*.

5. *Significado e fraseoloxía*. Este é o primeiro dun grupo de apartados máis directamente vencellados a localidades e informantes concretos, cos que se ofrece información adicional ou se dan bases para unha correcta interpretación dos datos. Todas estas notas están marcadas no mapa co signo † a carón do punto de que se trate.

Esta nota complementa a información recollida na lenda e no mapa, pois nela dáse conta de diferenzas de significado anotadas durante a enquisa, usando comiñas dobres “ ” para marcar que se reproduce a expresión literal empregada polo informante, e sen comiñas cando hai unha reelaboración da información obtida. Exemplos tirados dos mapas 254 *Abeleira* e 68 *Terreo*, respectivamente:

4. En L.4 rexistrouse que hai diferenza de significado entre *avellano* e *abelao*, este é “altioño e delgado, para os cotelos das cestas”.
4. En L.6 rexistrouse que hai diferenza de significado entre *tarreno*, o nome común, e *tarreo*, que designa unha terra de labranza, e en O.5 entre *tarreno*, unha leira, e *tarreo*, o lugar onde se plantan os legumes, as cebolas etc.

Algunhas veces, nun punto recóllese máis dunha entrada para conceptos tan próximos no seu significado que o informante sabe que existe unha pequena diferenza pero non é quen de precisar en que consiste; p. ex., mapa 13 *Costa*:

4. En O.5 rexistrouse que hai diferenza de significado entre *costa* e *baixada*, aínda que non se especifica.

Tamén se inclúe nesta nota a fraseoloxía recollida en relación co significado e formas cartografadas e non incluída na lenda nin no mapa; p. ex., mapa 31 *Auga*:

4. En C.39 recolleuse o refrán *abril augas mil* e en O.27 *a bauga de san Xoán tolle o viño e non dá pan*.

6. *Información adicional*. O signo † advirte no mapa da existencia dunha nota referida a ese punto, que engade información adicional recollida

durante a enquisa, que se considerou interesante consignar neste lugar e que só figura no corpo do atlas por este medio. Tamén se especifican neste apartado a información rexistrada en C.30, C.35 e C.44 que se corresponde cos datos obtidos na enquisa do 2008, as diverxencias entre as dúas épocas ou os datos complementarios de C.29 e L.31, do 2009. Cando non se ofrece información ao respecto débese entender que os datos son da década de 1970. Exemplo tirado do mapa 72 *Chaira*:

5. Recolleuse ademais a seguinte información adicional: no 2008 rexistrouse en C.30 *chan*, en C.35 *llanura* e en C.44 *llano*; en L.24 *chaira da costa* refírese a unha ladeira e en L.28, O.7, O.27 e P.3 *Chaira* úsase como topónimo.

7. *Información gramatical*. É unha nota con escasa frecuencia neste volume, porque o cuestionario empregado apenas dá lugar a que se anoten aspectos relacionados coa gramática. Consígnase nela a información de que se dispón, cando non figura na propia lenda (xénero e número, sobre todo), e no mapa márcase co signo †; p. ex., mapa 67 *Terrón*:

6. En O.8 o plural de *torrón* é *torrois*.

8. *Aspectos sociolingüísticos e procesos de cambio*. Márcanse co signo † no mapa. Inclúese aquí a información sobre formas decadentes ou emerxentes, formas frecuentes e infrecuentes, formas anticuadas ou en desuso, formas propias da lingua da xente maior ou da xente nova etc., que anuncian procesos de cambio; inclúense tamén outras indicacións que apuntan a grupos sociais determinados, como a asociación dunha solución co mundo rural. Exemplos tirados dos mapas 82a *Pedra plana, laxe* e 238 *Maceira*, respectivamente:

6. En C.47 *pedra lancheira* é de uso infrecuente e en L.16 *lastra*. En C.37 *la[s]a* é propia da xente nova.
5. En L.18 *pumar* é a forma de uso normal. En P.6 e P.13 a forma máis frecuente é *mazanceira*, en P.23 *maceira* e en P.24 *ma[s]eira*. En C.11 *maceira* é propia da xente maior.

## 6. Transcrición fonética

Para a transcrición fonética adoptouse o Alfabeto Fonético Internacional, adaptándoo en moi contadas ocasións ás necesidades específicas do presente volume.

Os signos utilizados son os seguintes:

*Vogais*:

[i]	Anterior alta
[e]	Anterior media alta
[ɛ]	Anterior media baixa
[a]	Central baixa
[æ]	Central baixa palatalizada
[ɑ]	Central baixa velarizada
[ɔ]	Posterior media baixa
[o]	Posterior media alta
[u]	Posterior alta

*Semivogais*:

[j]	Semivogal anterior
[w]	Semivogal posterior

*Consoantes*:

[p]	Oclusiva bilabial xorda
[b]	Oclusiva bilabial sonora
[t]	Oclusiva dental xorda
[d]	Oclusiva dental sonora
[ʃ]	Oclusiva palatal sonora
[k]	Oclusiva velar xorda
[g]	Oclusiva velar sonora


[tʃ]	Africada prepalatal xorda
[f]	Fricativa labiodental xorda
[θ]	Fricativa interdental xorda
[ɬ]	Fricativa sibilante apicoalveolar xorda
[ʒ]	Fricativa sibilante apicoalveolar sonora
[s]	Fricativa sibilante laminoalveolar xorda
[z]	Fricativa sibilante laminoalveolar sonora
[ʃ]	Fricativa sibilante laminodental xorda
[ʒ]	Fricativa sibilante laminodental sonora
[ʂ]	Fricativa sibilante predorsointerdental xorda
[ʐ]	Fricativa sibilante predorsointerdental sonora
[ɕ]	Fricativa apicopostalveolar xorda
[ʝ]	Fricativa laminopostalveolar xorda
[ʒ]	Fricativa laminopostalveolar sonora
[g <sup>h</sup> ]	Fricativa velar sonora con lixeira aspiración
[x]	Fricativa velar xorda
[ɣ]	Fricativa uvular sonora
[ħ]	Fricativa faringal xorda
[β]	Aproximante bilabial sonora
[ð]	Aproximante dental sonora
[w]	Aproximante velar sonora
[m]	Nasal bilabial sonora
[ɱ]	Nasal labiodentalizada sonora
[n]	Nasal alveolar sonora
[ɲ]	Nasal dentalizada sonora
[ɳ]	Nasal palatal sonora
[ŋ]	Nasal velar sonora
[l]	Lateral alveolar sonora
[ɭ]	Lateral velarizada sonora
[ʎ]	Lateral palatal sonora
[r]	Vibrante simple alveolar sonora
[r̄]	Vibrante múltiple alveolar sonora
[ɹ]	Aproximante alveolar sonora

*Signos diacríticos:*

~	Realización nasalizada
◌̣	Realización sonorizada
◌̤	Realización enxordecida
◌̥	Articulación máis alta
◌̦	Articulación máis baixa
◌́	Sílaba tónica
◌̇	Realización alongada

# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

MAPA 37





# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

## MAPA 37 Regato, regueiro


○ regato	■ regueiro	◇ regacho	▲ río pequeno
● rigato	▣ rigueiro	◆ regacholo	◻ arroio
● regata	■ regueira	✦ rego	■ arro[ʃ]o
	▤ rigueira		◆ cavorco
	▣ regueiriño		✦ groba
	▣ rigueirín		
	★ riachuelo		

### NOTAS

1. *Cuest.* 715 "regato, regueiro".
2. As transcricións fonéticas que corresponden ás formas da lenda son as seguintes: *regato* [re'ʉato, re'ʉato, re'hato, re'xato], *rigato* [ri'ʉato, ri'g'ato], *regata* [re'hata, re'xata], *regueiro* [re'ʉejro, re'hejro, re'xejro], *rigueiro* [ri'ʉejro, ri'hejro], *regueira* [re'hejra], *rigueira* [ri'ʉejra], *regueiriño* [re'hejriño], *rigueirín* [ri'ʉejriñ], *riachuelo* [ria't]welo, ria't]welo], *regacho* [re'ʉat]o, re'hat]o, re'xat]o], *regacholo* [re'ʉat]olo, re'hat]olo], *rego* [reʉo, 'reho], *río pequeno* ['rio pe'keno, 'riʉ pe'keno], *arroio* [a'rojo], *arro[ʃ]o* [a'roʃo, a'rɔʃo], *cavorco* [kaβorko], *gropa* ['groβas].
3. Para as distintas formas fonéticas representadas pola grafía <g> véxase *ALGa* III: 168; en C.10 *re[h]acho* e en O.22, P.2 e P.8 *re[ʉ]ato*. En A.4 *arr[ɔ][ʃ]o*; en C.4 *riach[we]lo*; en C.29 *ri[ɔ] pequeno* e en L.11, L.12, L.22 e O.26 *r[ɛ]gato*.
4. Recolleuse ademais a seguinte información adicional: en C.35 *regato* é información do 2008 e en C.44 éo *regueiro*; en L.37 o *arroio* leva auga todo o ano; en O.12 o *rigato* é pequeno; en O.26, P.25 e P.32 o *regato* é máis grande; en P.9, no concello de Portas, no 2008 recolleuse que *arroio* designa o desnivel entre dúas veigas e en Z.3 a *rigueira* é pequena.
5. En C.14 e C.31 a forma máis frecuente é *regato* e en C.44 *regueiro*. En C.14 *regueiro* é infrecuente e en O.26 *regato*.

# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

MAPA 155



# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

MAPA 155

Fento, feito

(*Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn)


○ fento	⊙ feito	◊ foletto	◊ felgo
● cento	⊗ feito real	◊ foleito	◊ felgo bravo
⊙ fiento	⊙ feito do monte	◆ fuleto	◆ felga
● ciento	● feito	◆ fuleito	◻ folgueira
◐ faínto	◐ afeto	★ felecho	◻ folgueira mansa
◑ feínto	◑ feita		■ fulgueira
⊙ fuento	● feita real		⊗ fulgueira do raposo
⊗ fenta	◐ feita brava		◻ folgueiro
	⊙ feitas		◻ fulgueiro
			◻ folgueirón

## NOTAS

1. Cuest. 1155 "fento, feito".
2. As transcricións fonéticas que corresponden ás formas da lenda son as seguintes: *fento* [ˈfɛ̃nto, ˈfɛ̃nto, ˈfɛ̃nto], *cento* [ˈθɛ̃nto], *fiento* [ˈfjɛ̃nto, ˈfjɛ̃nto], *ciento* [ˈθjɛ̃nto], *faínto* [faˈĩnto], *feínto* [feˈĩnto], *fuento* [ˈfwɛ̃nto], *fenta* [ˈfɛ̃nta], *feito* [ˈfĩjto], *feito real* [ˈfĩjto reˈal], *feito do monte* [ˈfĩjto ðo ˈmõ̃nte], *feito* [ˈfẽjto], *afeto* [aˈfeto], *feita* [ˈfĩejta], *feita real* [ˈfĩejta reˈal], *feita brava* [ˈfĩejta ˈβraβa], *feites* [ˈfĩejtes], *foletto* [foˈleto], *foleito* [foˈleito], *fuleto* [fuˈleto], *fuleito* [fuˈleito], *felecho* [feˈleʃo], *felgo* [ˈfelgo, ˈfelho, ˈfelxo], *felgo bravo* [ˈfelgo ˈβraβo], *felga* [ˈfelga, ˈfelha], *folgueira* [folˈuɛjra, folˈuɛjra], *folgueira mansa* [folˈuɛjra ˈmã̃nsa], *fulgueira* [fulˈuɛjra], *fulgueira do raposo* [fulˈuɛjra ðo raˈpoʃo], *folgueiro* [folˈuɛjro], *fulgueiro* [fulˈuɛjro], *folgueirón* [folˈuɛjɾõ̃].
3. Para as distintas formas fonéticas representadas pola grafía <g> véxase ALGa III: 169; en C.7 *fel[x]o*. En A.1 *folgul[ɛj]ra*; en A.3 *folgueir[ɔ]n*; en C.11 *feito re[ˈa]l*; en C.12, C.13, C.18 e C.43 *feita re[ˈa]l*; en C.40 *fi[ɛj]to*; en L.13 *fulgu[ɛj]ra do raposo*; en L.18 *fi[ɛ]nto*; en L.27 *fi[ɛ]nto* e en P.27 *fi[ɛ]nto*.
4. En C.13 rexistrouse que hai diferenza de significado entre *feita* e *feita real*, "máis fina, para o *san[g]uán*". En L.2 tamén se aprecia diferenza semántica entre *felgo* e *felgo bravo*. En L.1 anotouse a expresión *ir á felga*.
5. Recolleuse ademais a seguinte información adicional: en C.5 a *felga* é un montón de *felgos* secos, que se empregan para estrar; en C.6 utilízase indistintamente *felgo* e *felga*, pero *felga* tamén pode indicar o colectivo; en C.30 anotouse no 2008 que o *feito* se empregaba algún tempo para chamuscar os porcos; en C.35 *feito do monte* rexistrouse no 2008; en L.6 a *folgueira mansa* é a dos montes; en L.7 *felga* é o colectivo; en L.18 o *fiento* é un feito moi fino; en L.21 anotáronse *fiento de prado* e *fiantela*, aínda que non sabemos con seguridade se se refiren ao *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn; en L.32 anotouse *fulgueiro* contra o Cebreiro; en L.2 non distinguen entre *folgueira* e *folgueiro*; en O.5 o *fento* tamén sae nos valados; en P.10 o *fento* e en P.33 o *feito* son os do monte. En C.12, C.13 e C.43 recolleuse *feita real*, aínda que a atribución non é segura.
6. En O.8 a forma máis frecuente é *felgo*. En A.4 *felecho* é infrecuente, en L.1 *felga* e en P.1 *ciento*. En P.16 *cento* é unha forma antiga.

# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO


MAPA 232





# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

MAPA 246



0 10 20  
km

# ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

MAPA 246  
Noz

○ noz	■ concho	▲ croucho	◆ corolo
● noza	◻ cuncho	◆ coucho	◊ carolo
◎ noga			◊ carola
★ nuez			✦ carrola

## NOTAS

1. *Cuest.* 143 "noz".
2. As transcricións fonéticas que corresponden ás formas da lenda son as seguintes: *noz* [ˈnɔθ, ˈnɔθ, ˈnɔθ, ˈnɔs, ˈnɔs, ˈnɔs, ˈnɔθe], *noza* [ˈnɔθa], *noga* [ˈnɔha, ˈnɔxa], *nuez* [ˈnweθ, ˈnweθ, ˈnweθ], *concho* [ˈkɔntʃo, ˈkɔntʃo], *cuncho* [ˈkuntʃo], *coucho* [ˈkɔwtʃo], *croucho* [ˈkrowtʃo], *corolo* [koˈrolo], *carolo* [kaˈrolo], *carola* [kaˈrola], *carrola* [kaˈrola].
3. Para as distintas formas fonéticas representadas pola grafía <g> véxase *ALGa* III: 168. Para as representadas por <z> véxase *ALGa* III: 173; en C.14, C.26, C.30 e P.18 *no*[θ] e en P.29 *no*[s]. En A.1, A.4, L.30, O.14, O.27 e P.31 *n*[ʔ]z; en L.12, L.23, L.27 e L.31 *n*[o]z e en Le.5 e O.30 *c*[ɔ]ncho.
4. En O.22 rexistrouse que hai diferenza de significado entre *concho* e *noz*, aínda que non se especifica.
5. Recolleuse ademais a seguinte información adicional: en C.29 non hai; en C.44 rexistrouse *carrola* no 1975 e *noz* e *carolo* no 2008 e en O.29 chámanlle *noz* á da gorxa.
6. En C.16 o plural de *no*[s] é *noces*, en C.24 o de *nue*[s] é *nueses* e en P.12 o de *no*[s] é *noses* ou *anoses*.
7. En C.9, C.14 e C.26 a pronunciación máis frecuente é [ˈnɔs] e non [ˈnɔθ] e en C.40 a forma máis frecuente é *croucho*. En C.29, C.40 e O.30 *noz* é infrecuente.

ISBN 978-84-16533-12-1



Fundación Barrié

